

A C T A 5/2018
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 30 DE MAIO DE 2018 -

Na Casa do Concello, a trinta de maio de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a Concepción García Vázquez
D. Xurxo Francos Liñares
D. Jorge Juan Carballido Salgado
D.^a María del Pilar Pérez Fagil
D. José Francisco Nanín Castro
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a Sofía Ferreiro Gaspar
D. Julio César Retis Vázquez
D.^a María Vázquez Rey
D. Ignacio Manuel Arroyo Font
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D. Manuel Anxo Fernández Baz

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 25.04.2018

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 346/18 Á 421/18)

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE TEO NO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II

5.- MOCIÓNS

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 25.04.2018.

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2018.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 346/18 Á 421/18).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de abril ata o 24 de maio de 2018, que comprenden os números 346 ao 421, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da alcaldía de 7 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 24 de maio de 2018.

“PROPOSICIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Adhesión do Concello de Teo á Central de Contratación da FEMP

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno de 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción desta polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O Concello de Teo está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto nos artigos 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o Pleno do Concello de Teo

ACORDA:

Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP co fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias destes.

Segundo.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.”

Salienta a sra. Lemus que, visto o que se está ofertando, o que interesaría sobre todo serían determinados servizos, como por exemplo o subministro eléctrico, que implica uns pregos e unhas licitacións moi complicadas. Salienta que se trata de aproveitar todos os instrumentos que se teñan na actualidade para reducir prazos nas licitacións porque, á vista a nova Lei de contratos, todas as Administracións Públicas están alongando moito os prazos e con moitos problemas de licitación. Remata a sra. Lemus a súa intervención sinalando que con este sistema non se acaba perdendo nunca a consideración do concello como órgano contratante.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, amosa a súa preocupación diante da nova Lei de contratos e diante de cuestións como a que se plantexa hoxe. Explica que as obras, os servizos e os subministros poden ser contratados desde Madrid, e amosa a súa preocupación por ese proceso que avanza a toda velocidade que supón reducir aínda máis a autonomía municipal, nun concello que ten establecidos uns mecanismos garantistas para a contratación de obras, servizos e subministros. Sinala que se está nun proceso de centralización administrativa e político e iso é unha mostra máis dese proceso, engadindo que tamén é consciente que hai unha lei que obriga, en certo modo, a ter que adherirse a este tipo de plataformas. O sr. Fernández di que lle sorprende que a Xunta de Galicia non habilite a súa central de contratación, para poñela tamén a disposición dos concellos. Considera que estas vías o que fan é inhabilitar algo que é fundamental, que é que se poidan incorporar nos

pregos as cláusulas sociais e medioambientais, como se fixo nos últimos anos, e que desta maneira poden desaparecer.

Considera o sr. Fernández que politicamente esta forma de proceder vai a beneficiar ás grandes empresas e anuncia a súa abstención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. alcalde explica que a perda de autonomía sempre é unha vontade, engadindo que isto non obriga a nada, xa que a central fai un concurso xeral, saca un prezo, e o concello ten a capacidade de decidir se se adhire ou non. Sinala que cando se pensa na central de contratación non se está pensando na construción ou arranxo dun local, senón na situación que se da na práctica cos oligopolios en certos ámbitos de consumo, como as telefónicas, a enerxía eléctrica, etc. Salia que en todo caso, acaba de facerse dende o concello unha contratación de telefonía, con todas as garantías, e xa se ve cantos se presentaron. Reitera o sr. alcalde que a autonomía á hora de adscribirse ou non vai a ser do concello e se vai a decidir seguramente entre todos, polo que cada caso se pode mirar.

A sra. Lemus di que, tendo unha preocupación menor polo centralismo, que se presupón, é verdade que a central de contratación non implica ningún procedemento obrigatorio e todo queda suxeito á valoración política e técnica que se faga dende o concello. Sinala que observan que nos contratos, por exemplo o da enerxía eléctrica, saía nun prezo moito máis barato na central do que se poida conseguir en Teo, porque se trata dunha bolsa de compra de enerxía que ademais se fai por lotes territoriais. Considera a sra. Lemus que pode ser que se favorezan os oligopolios, porén ela ten que favorecer a libre concorrência, pero sobre todo o que ten que mirar é o aforro de recursos na contratación que se faga dende o concello .

Sinala que as cláusulas sociais e ambientais coa nova lei de contratos xa están incluídas, polo que se incluírán en todos os contratos en maior ou menor medida. Entende a sra. Lemus que nos mecanismos normais de colaboración entre concellos,

como pode ser a FEMP ou a FEGAMP, o lóxico é que se proceda a unha cada vez maior colaboración interadministrativa a nivel concellos, e aínda que si é verdade que se centraliza en Madrid, porque é onde está a FEMP, esta Federación implica unha colaboración interadministrativa clara e de defensa do interese da autonomía local, polo que se pode discutir se é tal centralismo ou non é tal centralismo. Reitera que o procedemento de adhesión non implica nada, engadindo que os contratos normais e cotiás de todos os días, como obras, subministros, etc., non se van a levar a través da central, utilizándose so para cousas moi concretas cunha complexidade que fai que a veces sexa difícil de levar por parte dos concellos, o que implica en ocasións, non no caso de Teo, unha certa inseguridade xurídica. Sinala a sra. Lemus que non se delega a competencia, xa que a adxudicación e a valoración se fan dende o concello, polo que, se se teñan en conta os *pros* e os *contras*, se trata dunha delegación bastante aceptable, aínda que como todo pode estar suxeito a críticas.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que os grandes contratos de subministro, como o eléctrico, os seguros, ou o da telefonía, xa son multinacionais, xa está pasando agora, polo que a adhesión nestes casos non lle plantexa problema porque é o mesmo que o que pasa agora, e incluso se podería mellorar un pouco en canto a prezo. Explica que a proposta é a que é e a vontade de adhesión depende do goberno municipal de turno e vistas as cousas a súa posición vai nesa dirección, porque politicamente hai cousas que non lles parecen correctas.

Considera o sr. Fernández que o concello de Teo ten un procedemento de contratación moi garantista, incluso exemplar, el está nas mesas e pode dicir como funcionan.

Reitera o sr. Fernández a súa abstención, sinalando que se trata dunha adhesión que vai a quedar vixente a partir de agora e a vontade de cada goberno vai a ser a que determine que vaia máis alá ou se concrete en determinados subministros.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen sinala que, despois das explicacións da sra. Lemus, e vendo que vai supor un aforro, van a apoiar a proposta.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por dezaseis votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP e 2 PSdeG-PSOE) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP co fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias destes.

Segundo.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias para os efectos oportunos.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE TEO NO PROGRAMA DE SUBVENCIONES A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade, D.^a Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da alcaldía de 8 de maio de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 24 de maio de 2018.

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da participación do Concello de Teo no programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (FEDER-POCS 2014-2020)- FASE II

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Tendo en conta que a participación do Concello de Teo nesta convocatoria estase a realizar en diversas fases, a medida que os diferentes proxectos singulares se van concretando.

Tendo en conta que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria urxente celebrada o 17 de xullo de 2017, aprobou a participación do Concello de Teo no programa das subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, no que poderíamos denominar a fase I, con dúas actuacións:

OBXECTIVO ESPECIFICO	MEDIDA	ACTUACIÓN	IMPORTE	AXUDA SOLICITADA
OE431	7	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO	546.974,49	437.579,59
OE432	15	INCORPORACIÓN DE SISTEMAS FOTOVOLTAICOS DE PRODUCCIÓN DE ELECTRICIDADE EN EDIFICIOS MUNICIPAIS	55.074,00	44.059,20
TOTAIS			602.048,49	481.638,79

Tras ver o previsto no artigo 4, apartado 4, do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, que prevé que: “Co fin de evitar que se produza unha excesiva concentración de axudas desta liña a favor dun mesmo concello, establécese un límite de subvención máxima por concello por importe de 5.000.000 €. Por tanto, un mesmo concello poderá presentar a esta convocatoria tantos proxectos distintos como desexe, ben de forma

individual ou ben a través de entidades supralocais que agrupen proxectos (deputación, mancomunidade, etc.), sempre que o importe total da axuda que lle puidese corresponder, de forma acumulada para todos os proxectos solicitados tanto de forma individual como agrupada, non supere este valor máximo.”

Tras analizar os requisitos establecidos para as actuacións ou proxectos singulares subvencionables, así como os prazos de presentación e vixencia da convocatoria.

Considerando os traballos que se realizaron no marco do Plan de mobilidade urbana sustentable, relacionado coa revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Teo, de data abril de 2018.

Considerando que as subvencións previstas neste Real Decreto financiaranse con cargo aos fondos FEDER incluídos no Eixo 4 de Economía Baixa en Carbono do Programa Operativo Plurirrexional de Crecemento Sustentable (POCS) para o período 2014-2020, conforme a taxa de cofinanciamento aplicable para cada comunidade autónoma, que no caso de Galicia, é do 80% do gasto subvencionable.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Aprobar a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).*

Segundo.- *Aprobar as seguintes actuacións que compoñen os seguintes proxectos singulares subvencionables, así como a dotación orzamentaria para levalos a cabo, aprobación condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levalos a cabo.*

OBXECTIVO ESPECÍFICO	MEDIDA	ACTUACIÓN	IMPORTE	AXUDA SOLICITADA
OE 451	8	MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA MOBILIDADE RODADA EN TEO	827.591,60	662.073,28



OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I	966.545,21	773.236,10
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II	967.209,36	773.767,49
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE III	356.200,47	284.960,38
OE 451	8	CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL- FASE I	949.499,99	759.599,99
OE 451	8	ACTUALIZACION DO PMUS E INTEGRACIÓN DA MOBILIDADE NAS POLÍTICAS URBANÍSTICAS	375.100,00	300.080,00
TOTAIS			4.442.146,63	3.553.717,31

Terceiro.- *Aprobar as memorias descritivas, ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:*

- *Mellora da calidade ambiental e eficiencia enerxética da mobilidade rodada en Teo.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase I.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase II.*
- *Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase III.*
- *Camiños escolares seguros e accesibilidade universal, fase I.*
- *Actualización do PMUS e integración da mobilidade nas políticas urbanísticas.*

Cuarto.- *Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que esta proposta da alcaldía lle leva a falar do plan de mobilidade. Lembra que levan anos pedindo un plan de seguridade viaria que, máis alá do nome, está máis ou menos concretado no plan de mobilidade, polo que valora moi positivamente este último, por todo o que contén, resultando ademais que moitas das medidas foron propostas polo menos en parte polo BNG, polo que lle parece unha boa proposta, un bo plan.

Lembra o sr. Fernández que en xaneiro de 2013, conscientes do problema existente en Teo relacionado coa inseguridade viaria, trouxo a Pleno unha moción que foi aprobada co voto favorable do PP e do PSOE e coa abstención do daquela goberno municipal e do concelleiro de INTEO. Reclamábase daquela un plan de seguridade viaria e de urbanización, e este plan de mobilidade vai nesa liña e por iso o valora moi positivamente. Remata o sr. Fernández sinalando que, tras analizar as obras que se inclúen na proposta de subvención, está de acordo con todas elas, en especial coas que teñen que ver coa seguridade viaria, polo tanto vai a apoiar esta proposta da alcaldía, poñendo moi en valor que Teo precisa canto antes actuacións deste tipo porque existe un problema grave de inseguridade viaria.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio da proposta e pregunta se é un sistema parecida a un plan de aforro enerxético.

A sra. Lemus aclara que se trata dunha subvención pura e dura. Lembra que o IDAE é un préstamo e o IDAE financia os intereses, polo tanto se trata dun préstamo a interese cero, a devolver en dez anos, e neste caso se trata dunha subvención, o 80 % o subvenciona a Unión Europea e o 20 % restante lle corresponde ao concello.

Reitera o sr. Guerra o apoio do seu grupo á proposta.

O sr. alcalde di que se están acostumando a aprobar proxectos que se escapan un pouco do normal, xa que primeiro foi o alumado de tres millóns de euros, e agora este de catro millóns catrocentos corenta e dous mil. Explica que se trata dunha proposta ambiciosa e responsable, porén hai que ser conscientes que por cada euro que inviste o concello se reciben catro da Unión Europea, por iso se fai este esforzo. Salienta o sr. alcalde que se trata dun investimento importante, que haberá que detraer doutras cuestións, pero que posibilita priorizar unha liña de actuación, no sentido da seguridade viaria e da mobilidade, sen que se poida escapar que o investimento vai centrado nunha parte do concello que historicamente tamén ten reclamacións por menos investimentos habituais. Sinala que neste caso a aposta é dura por intentar equiparar e

recompoñer ese desequilibrio, do que di non ser consciente, porén se houbera algunha dúbida á hora de facer investimentos se contemplan todas as partes do concello.

Intervén a sra. Lemus, quen agradece a boa disposición de todas as forzas políticas. Explica que vai a ser un procedemento a longo prazo, indicando que en principio estaba previsto que a execución dos proxectos se fixera a partir deste ano, porén aínda non foron aprobados, polo que entenden que vai a ser, como mínimo, ata o 2022, polo que vai a ser máis no próximo mandato e Corporación que neste, pero se viu unha oportunidade que había que aproveitar. Os fondos europeos non chegan todos os anos e se quixo aproveitar este empurrón que dan dende as subvencións da UE en canto á eficiencia enerxética para darlle unha volta a moitos temas que estaban pendentes no concello, tanto en temas de eficiencia enerxética de instalacións, como neste tema do plan de mobilidade e seguridade viaria.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello de Teo e aceptar expresamente o procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE nº 144, de 17 de xuño de 2017).

Segundo.- Aprobar as seguintes actuacións que compoñen os seguintes proxectos singulares subvencionables, así como a dotación orzamentaria para levalos a cabo, aprobación condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levalos a cabo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO	MEDIDA	ACTUACIÓN	IMPORTE	AXUDA SOLICITADA
-------------------------	--------	-----------	---------	---------------------

OE 451	8	MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA MOBILIDADE RODADA EN TEO	827.591,60	662.073,28
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE I	966.545,21	773.236,10
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE II	967.209,36	773.767,49
OE 451	8	SENDA PEONIL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR FASE III	356.200,47	284.960,38
OE 451	8	CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS E ACCESIBILIDADE UNIVERSAL- FASE I	949.499,99	759.599,99
OE 451	8	ACTUALIZACION DO PMUS E INTEGRACIÓN DA MOBILIDADE NAS POLÍTICAS URBANÍSTICAS	375.100,00	300.080,00
TOTAIS			4.442.146,63	3.553.717,31

Terceiro.- Aprobar as memorias descritivas, ás que se refire ao artigo 12.4.c. do Real Decreto 616/2017:

- Mellora da calidade ambiental e eficiencia enerxética da mobilidade rodada en Teo.
- Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase I.
- Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase II.
- Senda peonil e ciclista nas parroquias de Centro-Sur de Teo, fase III.
- Camiños escolares seguros e accesibilidade universal, fase I.
- Actualización do PMUS e integración da mobilidade nas políticas urbanísticas.

Cuarto.- Facultar expresamente o alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Sendo as vinte horas e trinta minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal.

5.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, di que hai constancia da existencia dunha moción conxunta sobre a planta de reciclaxe da Casalonga e cede a palabra ao concelleiro de Son de Teo-Anova, D. Ignacio Igesias Villar.

O sr. Iglesias explica que a urxencia está xustificada precisamente pola urxencia social existente ante a reacción que se xerou pola pretensión de Toysal de instalar unha planta de reciclaxe de residuos na zona da Casalonga, na parroquia de Calo. Sinala que dado que se empeza un posicionamento social e é importante amosar unha unidade de acción, consideran que canto antes se tome un acordo conxunto máis forza terá.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do conxunta sobre a sobre a pranta de reciclaxe da Casalonga.

O sr. Iglesias da conta da moción conxunta de Son de Teo/Anova, PSdeG-PSOE, grupo mixto (BNG) e PP sobre a pranta de reciclaxe da Casalonga que se reproduce a continuación.

“MOCION CONXUNTA SOBRE A PRANTA DE RECICLAXE DA CASALONGA

Tendo constancia de que a empresa Toysal SL ten intención de instalar unha planta de xestión de residuos na antiga canteira na Casalonga e que, con este fin, presentou diante da Xunta de Galicia, no pasado mes de decembro, a solicitude de Autorización Ambiental Integrada, solicitando ao mesmo tempo que o concello emitise o informe de compatibilidade urbanística.

Considerando que a solicitude deste informe deu pé a que o Concello requirise da promotora copia do proxecto, coñecendo así as características básica dunha planta que, nunha primeira valoración técnica, vai ter unha grave repercusión e incidencia

sobre a vida e a actividade de todos os núcleos urbanos e rurais que se sitúan nunha ampla zona arredor da mesma.

Dado de que nos últimos anos a Xunta de Galicia promove lexislación que prococa a progresiva liberallzacion e desregularización das actividades e usos do solo rústico, en especial a lei 2/2016 do solo de Galicia, con consecuencias graves e moi perigosas para o noso termo municipal, como neste caso ou no caso das pirotecnias, por todos xa coñecidos.

Á vista do proxecto, e preocupados polo impacto que podía ter unha instalación destas características preto dunha zona residencial e cunha alta densidade de poboación, dende o Concello convocouse á veciñanza o día 15 de maio para informar dos datos que se teñen ata o momento.

A veciñanza teense reaccionou rapidamente coa creación dunha Plataforma, denominada “Plataforma Casalonga limpa de residuos” que xa está a dar os seus primeiros pasos na mobilización veciñal contra esta instalación.

Como resultado do falado na Xunta de Portavoces do día 24 de maio, tras amosar todos os e as portavoces municipais a súa inqueda ante a posible instalación desta planta na Casalonga, o seu rexeitamento a este tipo de instalacións no solo rústico do noso Concello, así como o seu desexo dunha acción conxunta e coordinada municipal, o Pleno do Concello de Teo

ACORDA:

Primeiro.- REXEITAR a instalación dunha planta de xestión e tratamento de residuos no concello de Teo.

Segundo.- ADOPTAR por parte do Concello de Teo todas as medidas necesarias, respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación dunha planta de reciclaxe na Casalonga."

Terceiro.- SOLICITAR unha reunión co Presidente da Xunta de Galicia, coa Conselleira de Medio Ambiente, e cos portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia a fin de expor as causas deste rexeitamento, na que participarán

os e as portavoces municipais locais, así como unha representación, se así o desexan, dos veciños e veciñas afectadas.

Cuarto.- RECLAMAR ao goberno galego os cambios legislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

Quinto .- AMOSAR o apoio ás veciñais e veciños afectados e apoiar as súas reivindicacións destinadas a defender os seus dereitos e a súa calidade de vida e poñerá á súa disposición os medios e os recursos para informalos/as e asesoralos/as."

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, di que vaia por diante, antes de comezar, o rexeitamento do BNG frontal e absoluto e rotundo á instalación desta planta, e máis aínda no Concello de Teo, que é un Concello que non ten industria, como se dixo na Xunta de portavoces, que non xera residuos industriais, polo que non é un concello para ter que soportar unha planta deste tipo. Di que mirando así as plantas similares que hai agora mesmo funcionando atopou unha nas Somozas, e está situada a varios quilómetros dos núcleos poboados, que vendo o informe de impacto ambiental integrado parece que cumpre a normativa europea, cousa que esta non parece cumprir polo que veu no proxecto, sobre todo unha das directivas do 2008. Continúa dicindo que cando se ve unha planta de tecnoloxía similar a esta vese que realmente nalgúns casos estanse cumprindo. É verdade que se xeran moitos residuos e hai que tratalos, pero haberá que facelo onde corresponde, non en calquera lugar, como é o lugar da Casalonga. Sinala o sr. Fernández que acepta o punto un tal e como está aínda que prefería corrixir o apartado referido á industria. Sinala que tamén propoñían un cambio na redacción do punto dous, pois o de "*adoptar as medidas conxuntas e coordinadas*" non se entende por quen, debendo engadirse a referencia ao concello de Teo, se ben tamén aclara que nunha conversa co concelleiro Ignacio Iglesias este lle explicou que con esa expresión se referían a que se informaría a todos os grupos e á plataforma de todas as actividades e pasos que se seguisen, polo que sendo así aceptarían a redacción. Aclara o sr. Fernández que no resto dos puntos está de acordo tal e como están, se ben no quinto punto cree que é necesario darlle información e asesoramento aos veciños afectados porque é o que están reclamando. Salienta o sr. Fernández que el na Xunta de portavoces o que poñía de

manifesto é que é importante deixalo claro, e que conste en acta, que en outubro do 2017 hai unha reunión, segundo se lles informou, dun señor, que é un empresario, que di que manifesta ao alcalde, e non sabe se tamén á concellaría de urbanismo e o arquitecto, que ten a vontade de rexenerar a Canteira de Carballal con eucaliptos. O sr. Fernández entende que é preocupante, pero dende o punto de vista de que son eucaliptos, non por outra cousa. Doutro lado, o 14 de decembro entra no concello, como tamén di a moción, un escrito no que se pide informe de compatibilidade urbanística, que é ao concello a quen lle corresponde dalo, pero sen nada adxunto, entón reclámaselle o proxecto, que envían en xaneiro, o 26, e é cando se sabe del. Preguntase o sr. Fernández porque non se informa, polo menos aos concelleiros e concelleiras municipais, dende esa data desta instalación, respondendo que non se consideraba un proxecto de tanta magnitude, tanta envergadura, e que despois se foi vendo que era algo que podía xerar problemas. Sinala que no informaTeo de maio é cando se enteraron deste proxecto, a veciñanza de todo Teo se enterou nese momento, e é entón cando empeza a xente a alarmarse. O 15 de maio é cando a alarma xa é xeralizada e xa se ten toda a información, e é verdade que xa se informou a toda a xente, e a partir dese día se puxo na páxina web. Considera o concelleiro do grupo mixto que o informe non é un informe que el diría que sexa tan válido para valorar este proxecto, pero é o que hai. É verdade que houbo unha xunta de Portavoces e que mañá vai haber unha xuntanza coa plataforma e veciñanza. Sinala que, para que se vexa a importancia destas cuestións, hai que ter en conta que o 11 de maio do 2001 apróbase a declaración de Impacto ambiental da antiga canteira de Camilo Carballal e nese informe ía un aval de execución de 8.000.000 de pesetas para rexenerar a canteira no momento no que se abandonara a actividade. Pódese ir ver como está, e pódese ver que non está rexenerada. Considera o sr. Fernández que hai que ver nestas cuestións como quedan ese tipo de compromisos, engadindo que non sabe como quedou ese aval e que hai que fixarse nestas cousas. Salienta o sr. Fernández que di isto porque cando se ven informes das empresas vese realmente o que pasa, e como se deixa. Continúa dicindo que quería deixar todas estas cuestións claras, sobre todo o tema do tempo que se tardou en informar. Repite que están absolutamente en contra desta planta de residuos, que vai a traer moitos problemas para a zona e para os concellos limítrofes, se se chega a pór en marcha, pois estes

concellos tamén están bastante preocupados, e así por exemplo lle chamou o concelleiro de Padrón, pois tiñan pleno e querían saber algo máis deste proxecto. Pide o sr. Fernández que se informe, pois considera que hai un pouco de oscurantismo neste tema, aínda máis cando estamos diante dun proxecto deste tipo como é unha planta de residuos de depuradoras, residuos animais, de todo, tal e como pon no proxecto, así como outras cuestións das que el non entende, que non é enxeñeiro nin químico, pero que aí están no proxecto. Doutra banda di que tampouco se concretou moito a moción na xunta de portavoces e solicita outro tipo de locución, engadindo que a proposta definitiva da moción recibíuna hoxe pola mañá, por correo electrónico, ou incluso reunirse para cando se elabore unha moción deste tipo para concretala máis pero entre todos. Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que está absolutamente en contra deste tipo de planta e de acordo coa moción.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que vai a facer unha intervención dividida en dúas partes. Unha parte primeira sobre o que para ela é menos importante e é menos importante para Teo, que é o tema do oscurantismo, de como se fan os informes e como se fan as reunións cos portavoces, e unha segunda parte, que ela cree que é a máis importante, que é unha valoración sobre que pasa con este tipo de instalacións en Teo e no resto de Galicia.

Explica a sra. Lemus que é verdade que non foi en outubro, senón en novembro, a reunión co representante da empresa, que chega, lles conta que vai comprar a cuadrícula mineira, que vai facer un proxecto de rexeneración da canteira, e aí se quedou todo. O 14 de febreiro recibíuse un informe de compatibilidade urbanística dunha actividade que non ten, en principio, nada que ver co que contara este señor, e por iso se lle require o proxecto, que non era obrigatorio pola súa parte presentalo, e o presenta a finais de xaneiro. Sinala a sra. Lemus que ela non é enxeñeira nin química, pero que cree que nestes temas, independentemente da formación, págaselles para que sexan responsables políticos de cada unha das áreas, e entón búscase asesoramento, porque dende un punto urbanístico o arquitecto di que a actividade é posible e dánselle moitas voltas legais, e dende este punto de vista non se lle ve a posibilidade de negala. Explica que o informe de compatibilidade urbanística é

soamente como cando un compra unha parcela e quere saber se se pode edificar ou non. Iso non significa que se vaia a ter a licenza definitiva nin que se cumpra o resto da normativa urbanística. Ademais neste caso non só hai unha obra senón tamén hai unha actividade, que é a planta de reciclaxe. Sinala que é verdade que hai algo parecido nas Somozas, aínda que non é totalmente igual, pois aquela é de tipo industrial porque ten tanto composteiros como unha parte de tecnosuelos, que é completamente diferente, xa que se trata dunha tecnoloxía industrial que non ten nada que ver con esta instalación. Explica a sra. Lemus que chega un momento no que tamén queren saber exactamente que significa este proxecto, que incidencia vai ter e cales son os pasos onde se pode actuar como Concello-Administración e como Concello-Veciños. Entón é cando se pide o informe e solicítanse varios asesoramentos, algúns dos cales se fixeron públicos, que non lle vían maior problema, pois é verdade que dende a Unión Europea se está fomentando este tipo de tecnoloxía do *disestrato* e da produción de biogas e fertilizante, entón chega un momento no que se seguiu buscando asesoramento. Sinala a sra. Lemus que hai un informe básico, fundamental, que ela cree que é importante para discernir o que se lles presenta aquí, que establece que é suficientemente perigoso e dañino para o medioambiente como para que a xente se mobilice, e entón é cando se fai a reunión pública do 15 de maio.

Sinala a sra. Lemus que, tratándose do oscurantismo, podería entendela se de repente algún dos concelleiros chegara e lle dixera "*mira, coñezo que tedes un proxecto dende hai seis meses que estades mirando*"...pero oscurantismo non é, o único que poden dicir, e que xa dixo o outro día, é que se é un pouco máis lentos do normal, pero un pouco máis lentos do normal tendo en conta que na Xunta o teñen dende o 14 de decembro o mesmo proxecto e aínda están en consultas previas. Lembra a sra. Lemus que a Xunta é o organismo medioambiental que vai analizar esta cuestión da actividade, co cal se pode entender que lentos si, pero sobre seguro. Dende o 15 de maio si que se causou un momento de efervescencia social, pois calquera que viva en Calo pode ver nas redes sociais o movemento, engadindo que poucas plataformas se crearon en 15 días. Considera a sra. Lemus que se trata dun tema complexo, preocupante, que vai a implicar non só ás concelleiras e concelleiros que están aquí hoxe, senón aos que o estean durante máis anos. Di que vai implicar un cambio de

modelo urbanístico e consecuencias económicas e medioambientais claras, engadindo que hai que ser moi rigorosos con este tema. Explica a sra. Lemus que hoxe se falaba coa plataforma, que se precisa un punto de sensatez, que igual agora mesmo non o hai. Considera a sra. Lemus que como será o tema do oscurantismo que ás veces incluso pensa quizais se lanzaron demasiado pronto a facelo público, porque non sabe se a plataforma, cando teña que chegar o momento de alegacións ante a Xunta, vai a estar activa nese punto que se necesita nese momento por parte do concello, non por parte dos políticos, en defensa dos seus intereses, e vai a ser longo. Salienta que en Lousame levan dous anos e medio para conseguir a validación ambiental, que ademais foi negativa, e no período de alegacións había catro folios de alegantes, asociacións de empresarios, persoas individuais, a plataforma, o concello, alegaron todos os que podían e máis, e si que conseguiron ao final o obxectivo. É verdade que ademais hai un punto ao que lle ven máis encaixe e máis posibilidades, que é do mesmo que falan todos, que unha planta deste tipo non é idónea en Teo, do que hai que convencer á Xunta. Salienta a sra. Lemus que isto leva á segunda parte da reflexión, que é o que pasou en Galicia nos últimos anos.

Explica a sra. Lemus que nos últimos anos en Galicia o que se observou, xa moi acelerados, xa na lei do 2016, é unha liberalización do solo rústico e agora isto é un coladero, e hai máis problemas que este, e así tamén están as pirotecnias. Explica que se se colle o artigo 33 da Lei do solo pasouse dunha lei do 2002, de Fraga, lei hiperrestrictiva no solo rústico, ao que hai actualmente. Opina a sra. Lemus que se existe o solo rústico é para a protección do medio ambiente, para nada máis, non é nin urbanizable no futuro nin vai ser nunca urbanizable. Para pasar de solo rústico a urbano teñen que pasar unha serie de acontecementos históricos e de desenvolvemento que son moi complicados. O solo rústico serve para o que serve, que é para a súa defensa, e progresivamente, dende o 2010, se está observando que o solo rústico está deixando de existir, e o que se ve é que o solo rústico ten unha concepción de "solo barato". Salienta a sra. Lemus que todos teñen máis ou menos claro onde tería que estar esta actividade, nas Somozas, nun sitio onde está formulada unha zona industrial, onde teñen máis centros de valoración de residuos, onde teñen outro tipo de actividades, todas relacionadas co tratamento de residuos, é dicir, un polígono

industrial destinado para iso. E o que hai agora é que en calquera solo rústico se pode colocar, coa diferenza de que nas Somozas seguramente o prezo do solo industrial sería de 100 euros m² e en Calo na canteira estará a 3 euros m², entón unha empresa xa sabe onde hai que colocala. Explica a sra. Lemus que, estando en igualdade de condicións, tanto sendo solo industrial ou solo rústico, hai que pasar o mesmo tipo de procedementos, ao final o que non importa é o tipo de solo. Opina a sra. Lemus que en calquera país tería que existir unha defensa do medio ambiente, e non facer un urbanismo salvaxe, que é o que se fixo nos últimos 20 anos, e en canto se ve a posibilidade de que se abra o mercado, se colle e se abre máis o solo rústico. Salienta que se fan estas cousas, que son, por exemplo, permitir os usos turísticos. Lembra que antigamente había que ter un plan especial, por exemplo o balneario de Laias, está pegado ao río, e tivo un procedemento administrativo de anos. Salienta a sra. Lemus que cando entrou no concello de Oroso tiña enfronte un tanatorio que estaba en solo rústico, pegado ao cemiterio, como o tema de Luou, e estiveron 7 anos discutindo coa Xunta, por un tanatorio pegado ao cemiterio. E agora mesmo co solo que hai pódese poñer unha planta de residuos de 90.000 toneladas de purines, residuos, lodos, no medio da Casalonga, no medio dun solo rústico, rodeado todo de solo urbanos. Considera a sra. Lemus que hai que pensar que hai algo que non se está facendo ben, pois se cada vez que hai un tema deste hai que facer un esforzo sobrehumano para parar este tipo de actividades, non pode ser. Sinala que se non se fai este esforzo se coloca a planta, sen dúbida algunha. Considera a sra. Lemus que este home debe de ter os mellores avogados, os mellores técnicos, seguramente agora nos estamos mirando. Comprou unha concesión mineira, unha cuadrícula mineira e dúas parcelas de 500.000 m² por algo, porque sabe que lle vai saír barato e sabe que pode colocala, senón non o faría. Opina que hai que darlle unha volta ao que se está facendo no solo rústico, engadindo que se excede da competencia municipal e xa se sabe a onde hai que ir a falalo, e cree que se pode parar isto, facendo un esforzo, e a longo prazo vaise parar. Pero que tamén hai que ter en conta que isto non pode seguir así, porque non se pode estar cada dous días pensando "que imos ter no solo rústico". E incluso habería que sacar o da canteira, pois aínda que non estivera a canteira aí este home podería colocar a planta aí, porque o solo rústico é barato, e nada máis. Explica a sra. Lemus que cando lle din de poñelo solo como de especial protección, hai que ter en conta que

iso é un informe máis dun organismo, e non implica nada, engadindo que esta xente está ben asesorada e xa sabe o que hai. Di que da baixa política que se faga aquí, hai que facer alta política con estes temas, engadindo que o solo rústico deste país é un coladero de barbaridades, de turismo, de centros de residuos. Non se pode estar así en todos os concellos, porque se non é en Teo este home vai colocar a planta onde poida, e o solo máis barato é o rústico, e neste país temos miles e miles de metros cadrados. Considera a sra. Lemus que agora toca facer todo este procedemento que se vai ter que facer agora de informarse, de asesorarse, de ser sensatos, de non adiantarse aos acontecementos, de intentar axustarse a tempos, porque isto vai a ser moi importante, axustarse aos tempos nun procedemento administrativo moi complexo. A Sra. Lemus di que agradecería que cando se fose a falar cos portavoces parlamentarios, coa conselleira, co presidente da Xunta, que espera que reciba a todos, que se lle faga a reflexión sinalada de que o solo rústico deste país está para se protexer, non para ser froito de cambalache económico, que é o que se está facendo con el.

Salienta a sra. Lemus que só quería darlle un pouco máis a este tema, prolongalo un pouco máis e saírse de Teo, pois entende que xa se falou moito nas casas, cos veciños, nos bares, en calquera sitio o tema é este, e cree que tamén teñen, como responsables políticos, que pensar que non vai ser esta a única, senón que pode ser a primeira de moitas e que hai que facer algo entre todos para cambiar esta situación, porque é un artigo dunha lei, non é outra cousa. Salienta que cando lle din que isto é un tema partidista, di que a lei do solo máis restritiva de solo rústico que había en toda España era a de Manuel Fraga, polo tanto di que hai que facer política onde hai que facer política, e evitar que ano tras ano haxa esta espada de Damocles sempre enriba da posibilidade de que en calquera solo rústico aparezan este tipo de instalacións.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que, logo das intervencións dos representantes do BNG e do PSOE, compromete a súa brevidade. Salienta que por suposto apoian dende o minuto cero esta moción, dende o momento en que a recibiron, apoian tamén á veciñanza, e para

eles o punto quinto da moción é o máis importante, aquel no que se indica un apoio explícito á veciñanza. Considera o sr. Sánchez que hoxe non é día de manifestar unha liorta política e por ese motivo coida que a política tamén son símbolos e eles por riba de todo hoxe o que queren manifestar é unha unión con todos, cos demais partidos políticos, coa veciñanza, con todo o mundo, en prol de que esta planta de reciclaxe non chegue a fin, e polo tanto non frutifique. Sinala o concelleiro do PP que parte das cuestións que tiñan que manifestar foron adiantadas polo concelleiro representante do BNG, polo que non redundará niso, engadindo que concorda ao cen por cen coa sra. Lemus no senso en que comparten que esta cuestión esixe altura de miras, e probablemente sexa o momento máis difícil ao que teñan que someterse nesta lexislatura, probablemente sexa o abismo máis importante que teñen diante. Pensa o sr. Sánchez que hai que manifestar unidade e que por eles non vai ser, a pesar de que non comparten a literalidade dalgunha parte da moción, e aínda que se lles dou a oportunidade de facer as aportacións, nin sequera as fixeron porque o motivo fundamental o comparten, que é o apoio explícito á veciñanza e o rexeitamento desta instalación.

Intervén o sr. Iglesias, quen di que ten constancia de que a moción foi enviada o martes pola mañá, pedíndose aportacións e indicándose que, como todos saben, as mocións de urxencia non admitían emendas. Respondeu o sr. Sánchez o martes pola mañá e non houbo máis novas. As aportacións que se tiñan foron reenviadas hoxe pola mañá, pero non modificaban especialmente o fondo desta moción. Logo pola tarde, ás 16.30 ou así, chegoulle un whatsapp do sr. Fernández dicindo que remitira as modificacións. Considera o sr. Iglesias que é certo que se podían ter feito antes pero realmente eles tamén estaban traballando niso e en 2 días consideraron que non daba posibilidade de discutir esas aportacións. Destaca o sr. Iglesias que polo tanto non é unha moción que se fixera de xeito unilateral, senón que estaba aberta un pouco á participación de todos.

Di o sr. Iglesias estar bastante cansado co tema das datas, sobre todo porque se manipula e porque no fondo se está utilizando non de xeito político senón de xeito partidista. Explica o sr. Iglesias que el non se enterou deste proxecto da Casalonga no

Concello, senón que se enterou no Bar Raña tomando un viño, porque se sabía que un señor de Vigo que ten unha empresa de reciclado de residuos comprara a Canteira, e iso foi no mes de novembro. Sinala o sr. Iglesias que iso o sabía quen quixera sabelo, porque realmente o señor foi pola canteira, falou con un montón de xente, explallouse, pero non concretaba. Explica que o señor en cuestión se presentou diante de moita xente a falalo, é dicir, que a información que tiña o concello no mes de outubro non era a única. Lembra que aos poucos días de enterarse, de escoitar esa conversa, foi cando veu ese señor polo concello, tamén sen concretar. É dicir, a primeira noticia que ten o concello do que realmente se quere poñer é a finais de xaneiro, debendo quedar isto claro. Nese momento hai unha responsabilidade, hai que redimensionar a resposta, non é o mesmo que coloquen Chernobil que un Composteiro, entón teñen que valorar do que se trataba. Recoñece o sr. Iglesias que nesa época, neses días, decidiuse buscar un asesoramento que lles dixera exactamente que era o que se ía poñer aí. Falouse con Adegas e con un consultor medioambiental externo. Nese momento a resposta de Adegas non foi exactamente clara, o que lles desconcertou máis, e optouse pola vía de esperar ao informe para ver que era. Explica o sr. Iglesias que o mes de marzo diluviou e que foi co consultor a mediados dese mes a ver os terreos da canteira, porque quería mirar unha serie de cuestións. Se remite un informe, a primeira aproximación, a primeiros de abril e manda o informe asinado e completo a mediados dese mes. Nese momento decídese facelo público e publicítalo a través do InformaTeo, porque consideraron que se envían ás casas miles de exemplares dunha revista que é unha forma efectiva de que a xente o coñeza. E entón, evidentemente, se se estaba a mediados de abril hai que situalo en maio. Salienta o sr. Iglesias que en ningún momento houbo intención de retrasar a posta en coñecemento. O que se fixo foi facer un pouco un exercicio de responsabilidade, saber onde estaban, en que momento da tramitación estaba todo, que era o que tiñan entre mans. Sinala que o documento que entregou este señor no concello non está selado en ningún lado, xa que entregou un documento que non se sabe se é o que está na Xunta ou non, sendo iso outro tema. Salienta que a día de hoxe non hai un proxecto definitivo, xa que este proxecto non é un proxecto, é un documento que inicia un procedemento, e tamén unhas cousas importantes que está a dicir a xente coa que se fala a nivel de avaliación é que este documento é imposible valoralo porque lle faltan partes esenciais. Por isto non é tanto

o que di como saber o que falta, porque o que di pódese ler pero non son suficientemente técnicos neste campo para saber que elementos dese proceso faltan. Con todo isto se sabe que en principio se retrasa todo o que é o período de exposición pública, que é cando realmente ten que haber unha resposta técnico xurídica, porque neste momento non é posible facer unha resposta de ningún tipo que non sexa a mobilización social. A resposta técnico-xurídica é no momento da exposición pública. Sinala a sr. Iglesias que con todos eses elementos consideraron que era mellor que o Concello tivera información e poder, no momento de sacala, dimensionalmente correctamente para provocar na xente unha reacción que fora acorde ca gravidade do que se está plantexando. De feito o día 15 o que se lle pediu á xente foi que se mobilizara, non se foi á reunión a dicirlles "este é o proxecto", foise a dicirlles que a nivel xurídico o Concello non ia ser capaz de paralo, que a única forma de paralo é que houbera unha resposta social en quente, porque, tamén é certo, o papel vai poder con todo. Lembra o sr. Iglesias que elaborar un proxecto impecable, sostible, que leve unha viabilidade ecolóxica e demais, como todos sabemos, é cuestión simplemente de facelo, porén o problema é que todos saben como funcionan logo as empresas, e así, por exemplo os cheiros quítanse con carbón activo, pero o carbón activo é caro e neste momento hai procedementos técnicos para que non cheire unha planta, pero tamén son caros, co cal é moi probable, dentro da lóxica capitalista, que nun momento determinado o carbón activo escasee. Entón, ese tipo de valoracións non se fan en tres días nin nunha semana, senón que dalgún xeito hainas que ir elaborando, e cando se teñen todos os indicios, que se teñen indicios da gravidade, é cando se pon en marcha a resposta cidadá, ou polo menos se provoca que se empece, porque o día 15 non se foi á reunión a facer unha exposición aséptica, foise a pedirlle á xente que se non querían isto tiñan que mollarse porque evidentemente o Concello, como Administración, ten que asumir o que di a Lei do 2/2016 do solo de Galicia. Salienta o sr. Iglesias que, como forza política non o admiten, e vaise pelexar non só contra a Administración, senón contra o uso do solo rústico, co que se está provocando, que é basicamente instalar en terreo rústico cousas que deberían de estar en terreos industriais. A outra planta que hai deste tipo está en Murcia, pero nun polígono industrial. Reitera o sr. Iglesias que, como Son de Teo-Anova, opóñense a ese tipo de instalación a catrocentos metros das vivendas nunha zona residencial, e pensan que,

independentemente de que é necesaria a reciclaxe, porque evidentemente aquí tamén se producen residuos, porque non temos industria pero temos depuradoras, e tamén granxas de porcos, e iso son puríns e son lodos, iso non xustifica que ese sistema de tratamento estea onde está. Explica que aos veciños en todo momento se lle foi transmitido o apoio tanto a nivel da Asemblea como a nivel de Plataforma, o apoio e o acompañamento neste proceso. Sinala que hai que ser claro e que non van a vender motos a pesar de estar chegando o proceso electoral. A pesar de que dentro dun ano vai a haber eleccións, non se van vender motos con isto, porque hai que ser serios, e tamén dicir a verdade de fronte, dende o concello non se vai a poder parar isto dende un punto de vista urbanístico, polo menos a priori, salvo que de repente haxa algo que a todos os técnicos do concello se lles pasara inadvertido. A priori xuridicamente o concello está atado, e a balanza se pode inclinar cara a un esquecemento deste proxecto é a cidadanía.

Aberta a segunda quenda de intervención, o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que o día 15 el tamén estaba na reunión. Lembra que na súa intervención pediu mobilización social, incluso pediu que se organizara a plataforma xa naquel momento, entre outras opinións, engadindo que calquera persoa que estivo alí o escoitou. Sinala que ten que ir por diante o seu apoio aos veciños, engadindo que parece que hai alguén que non apoia aos veciños, e non sabe quen é. Sinala que se fala de manipulación, pregunta se manipulou el as datas e salienta que el non manipulou ningunha data, que preguntou na Xunta de portavoces e agora repetunas de novo. Dirixíndose ao sr. Iglesias dille que el falou de manipulación e pídelle que diga quen manipula. Sinala que ademais a sra. Lemus que estivo repartindo carnés de "seriedade e rigurosidade" e parece que só ela é rigorosa. Considera o sr. Fernández que as cousas son distintas no goberno e na oposición, porque o que agora é lentitude antes era ausencia de información. Non entende quen non está sendo serio nin rigoroso, engadindo que el intenta selo, e cando se fala de datas, el intenta dicirlle aos veciños o que se lle di a el. Opina o sr. Fernández que é importante informar aos concelleiros porque así tamén os concelleiros poden trasladar esa información aos veciños, sobre todo para non incrementar a alarma social, que é moi importante, porque el tamén é veciño de Calo e tampouco quere esa planta residual, xa individualmente coma veciño.

O sr. Fernández di que o sr. Sánchez fala de deixar fora liortas políticas, que lle parece moi ben, porén cando se debateron as leis de emprendemento e a do solo no Parlamento galego iso foi política, e foi co apoio único do PP, e se non se tiveran aprobadas, hoxe non se tería falado dunha planta de residuos na Casalonga. Sinala que as leis non son todas xustas todas e se foran xustas e miraran pola xente e non polos “intereses” dunha minoría non falarían disto.

Di que cando se fala desa altura de miras é certo que hai que tela, pero que tamén hai que poñer as responsabilidades onde corresponde. Sinala que o máis importante que hai que salientar é que hoxe non se estaría falando da planta de residuos da Casalonga se non houbera a Lei do solo, esta última lei do solo, tal e como está redactada, e iso é así, e é moi importante. Salienta o sr. Fernández que en todo caso non son liortas políticas, son debates, son posicións políticas, porén algúns prefiren defender “intereses” e non os intereses dos veciños, e iso é o que hai, senón non se farían estas leis, estaba ben a que había, ou cambiaríanse algunhas cousas da que había que non estaban ben, pero non no rústico.

Sinala que a lei de emprendemento facíase para facilitar a introdución da megaminería en Galicia, e aí está, fronte os intereses dos veciños, fronte a si se contamina o río Ulla ou se se acaba co pouco que vai quedando ao final.

Salienta o sr. Fernández que este é o Pleno de Teo, é onde hai que manifestar as posicións e non é chegar e dicir "ninguén ten nada que dicir porque todo nos vén dado" e punto. Opina que non é así, que hai que ter e deixar as posicións claras, e o que un pensa hai que asumilo e defendelo, porque senón non entende nada.

Reitera o sr. Fernández que cando se fala de alta política ou baixa política non entende a que se refire. Considera que é de xustiza que se diga a verdade, porque foi o que se dixo o 24, ese día non se dixo que se sabía ía montar unha planta de residuos na Casalonga, xa en outubro, polo que non ten xeito que se diga iso, pero se di. Sinala que se refire a iso está de acordo, porén terá que poñérselle nome e apelidos a quen

dixo esas cousas. Sinala que el intenta que a alarma social sexa a que ten que ser, e non ir máis alá, xa que o que a el lle importa é que non haxa unha planta de residuos na Casalonga, non facer festas, xa que iso non lle interesa. Quere o sr. Fernández que iso quede moi claro, e sinala que tal como está argumentando o concelleiro do equipo de goberno parece que estean aquí ca papeleta na man. Explica o sr. Fernández que cando fala de información fala de que cando se lle informa a un concelleiro infórmase a moita xente, porque todos aquí representan a moitas persoas, veciños de Teo. Salienta que para iso hai eleccións municipais e para iso os elixen, para ter informados a quen lles pide información. Pide o sr. Fernández que, diante dunha cuestión deste tipo e desta envergadura, que se informe, que é importante. Remata a súa intervención anunciando o seu apoio á moción, engadindo que non ten ningún problema, que só fixo as aclaracións a respecto das propostas que fixo d parte resolutive da moción.

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Lemus e di que, aínda que sinte dicilo, e é unha opinión, neste tema prefire a oposición do PP, porque lle da máis seguridade de cara ao futuro. Entende que se se apoia a proposta e como se falou o outro día non se está de acordo coa instalación ela sempre pensa que é moito máis fácil, xa que a unidade de acción é fantástica, pero governe quen governe na Xunta. Se se ten en Teo o partido mobilizado por este tema, do que se trata é de facer accións entre todos agora para evitar este problema.

Di a sra. Lemus que podería entender incluso noutro contexto esta sensación que ten o representante do BNG de ataque de todas as intervencións ou incluso da posición defensiva sobre as palabras de cada un, aclarando que non era o seu obxectivo, senón que o seu obxectivo era deixar claro cal debe de ser o obxectivo desta mobilización que é evitar non só a planta da Casalonga, como obxectivo máis claro e primeiro, senón evitar este tipo de posibilidades neste tipo de solo.

Coida a sr. Lemus que antes dicía que os estaban mirando os de Toysal e os están mirando os veciños, e os están mirando porque, como se ve en moitos concellos, a mobilización social sen mobilización político-institucional non chega a ningún sitio. Di que está pensando en concellos onde este tipo de actividades se pasou a exposición

pública sen comunicalo aos veciños, que cree que é o caso contrario ao que se está facendo en Teo. A sra. Lemus agradece a unidade de acción, lle parece que é o punto que corresponde ao momento, e agradecería tamén que aparte da unidade no discurso se faga tamén unidade de acción e empecen a traballar todos nos seus ámbitos. Sinala que haberá algún momento no que cada un de eles como partido político tome as súas determinacións, e haberá que ter sempre claro o obxectivo cal é, porque as posibilidades de naufragar neste tema son altas e as consecuencias son moi graves.

Sinala que falaba da necesidade de ter un pouco de un punto cabal, porque si que é verdade que este punto efervescente que ten agora o movemento veciñal, incluso o movemento político, non é a posición máis produtiva. Opina que o lóxico é facer unhas boas alegacións, unhas boas mobilizacións, e cree que aí a Plataforma xa vai moi encarrilada, xa teñen miles de ideas polo que lles contaron hoxe, e todas esta corporación os vai apoiar e o único que espera, sinceramente, é que dentro duns anos cada un dos concelleiros, despois de selo, e ela como concelleira de urbanismo, non teñan que dicir que "cando estaban de concelleiros foi cando se colocou a planta na Casalonga".

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que non pretendía facer unha segunda intervención, pero que o vai a facer porque en determinados momentos lle da a sensación de que, despois do que se ten comentado, alguén preferiría politicamente que dende o seu grupo non apoiasen esta moción. Sinala que tampouco pretendía entrar en polémicas aínda que podería responder moitas cousas ao sr. Iglesias, pero non vai entrar en polémica, aínda que lle pide a este concelleiro que admita que non é serio dicir que se teñan que enterar dun tema desta magnitude polas tabernas, que foi a conclusión á que se podía chegar despois do que dixo este concelleiro, ou que calquera das cousas que se escoiten por aí lles teñan que pedir explicacións ao sr. alcalde, porque entón non farían outra cousa que pedirlle explicacións do milleiro de rumores que lles chegan todos os días. Salia os sr. Sánchez que sinceramente non o coñecían ata que foi público e insiste en que non quere redundar nun ton máis belixerante porque pensa que hoxe é o día de simbolizar a unidade e así o fará.

O sr. Sánchez di que, tratándose do órdago que lanzou a señora Lemus con respecto da Xunta, se os sete concelleiros do PP humildemente son quen de colaborar, non coa Xunta, senón con todos, de mediar nesta cuestión no que sexa necesario, sen ningunha dúbida o van a facer, o que non quererá dicir que non sigan sendo moi esixentes xa que como oposición lles corresponde e co papel que se faga polo goberno. Considera que en todo caso é o goberno municipal o que debería estar en contacto coa Xunta porque, dende o seu punto de vista, a Administración está por riba dos partidos e debería de ser o equipo de goberno o que tivera que tomar esa iniciativa e estar en contacto coa Xunta pedíndolle información e mesmo persoándose no que fose necesario. Remata o sr. Sánchez reiterando o seu apoio absoluto á proposta.

Intervén o sr. alcalde e di que, para pechar o debate e un pouco como colofón a todas as intervencións, cabe salientar que en Irixoa fíxose a exposición pública do proxecto, ninguén se enterou, e non houbo alegacións, en Touro, fíxose a exposición pública, e houbo unha alegación de Toysal, precisamente, pola competencia, pero os veciños non se enteraron. En Teo se está, presumiblemente, a catro ou a seis meses de que o documento saia a exposición pública, todas as forzas políticas están enteradas, os veciños están enterados. Considera o sr. alcalde que fixeron o que había que facer para, primeiro, documentarse e trasladar esa información aos veciños, que hoxe está na páxina web e todo o mundo pode vela, e non só iso, senón os primeiros informes ao respecto. A partir de aí o único que se pode dicir é que esta é unha loita larga, que hai que aproveitar esa vantaxe que hai, que algo de habilidade terían para conseguilo tamén. Explica que igual se non falaran con ninguén non saberían do proxecto, como foi noutros lados, pero tiveron a habilidade de conseguir os proxectos, aínda que non houbera obriga de presentalos en Teo, e esa é unha baza que gañaron, e hai que aproveitala, por iso é unha loita larga e o que cómpre agora é transmitir esa imaxe de unidade. Considera o sr. alcalde que terán que empeñarse en que non vaia adiante, todos dende as súas capacidades.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- REXEITAR a instalación dunha planta de xestión e tratamento de residuos no concello de Teo.

Segundo.- ADOPTAR por parte do Concello de Teo todas as medidas necesarias, respectando a legalidade vixente, para evitar a instalación dunha planta de reciclaxe na Casalonga."

Terceiro.- SOLICITAR unha reunión co Presidente da Xunta de Galicia, coa Conselleira de Medio Ambiente, e cos portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia a fin de expor as causas deste rexeitamento, na que participarán os e as portavoces municipais locais, así como unha representación, se así o desexan, dos veciños e veciñas afectadas.

Cuarto.- RECLAMAR ao goberno galego os cambios lexislativos necesarios para que estas situacións, e outras de igual gravidade, non se dean en solos próximos a zonas residenciais de Galicia.

Quinto.- AMOSAR o apoio ás veciñais e veciños afectados e apoiar as súas reivindicacións destinadas a defender os seus dereitos e a súa calidade de vida e poñerá á súa disposición os medios e os recursos para informalos/as e asesoralos/as.

Sinala o sr. alcalde que non hai máis mocións de urxencia e explica que hai unha solicitude de intervención no pleno municipal a nome de Jesús Souto García, que se lle trasladou telefonicamente, e se lle contestou no sentido de que, tendo en conta o disposto no regulamento de Participación veciñal do concello, autorízase a súa intervención no Pleno de acordo co artigo 26 do Regulamento de participación veciñal do concello de Teo, ao que o sr. alcalde da lectura. Aclara o sr. alcalde que polo tanto esta persoa intervirá despois dos rogos e preguntas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O sr. alcalde sinala que o sr. Fernández presentou no día de hoxe dous rogos relativos á demanda de veciños/as de Vilar de Calo e Cabovila dun parque infantil (rex. entrada

nº 4047, de 30/05/2018) e á demanda dos usuarios e usuarias da zona para cans que ten o Concello na Urbanización Campos de Mirabel (Calo) (rex. entrada nº 4048, de 30/05/2018).

O sr. alcalde di que, en relación co campo de Mirabel, a demanda lles parece razoable, así que se mirará a forma de establecelo, téndose que analizar con máis detemento o tema do parque de Vilar de Calo, sobre todo polo tema da ubicación, sendo preciso estudalo con calma porque é máis complexo que o outro.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández refírese ao rogo de 29 de maio de 2018 (rex. entrada nº 4047), sobre a demanda de veciños e veciñas de Vilar de Calo e Cabovila dun parque infantil, que se reproduce a continuación:

“Veciños e veciñas de Cabovila e Vilar de Calo levan reclamando desde hai tempo un parque infantil nos terreos propiedade do Concello de Teo á beira da estrada que vai desde Cabovila até A Lomba (Solláns).

Considerando a demanda veciñal, e tendo en conta que estes dous lugares teñen actualmente 332 habitantes segundo o último dato oficial publicado polo INE, aos que habería que engadir os veciños e veciñas de A Lomba, o concelleiro asinante formula o seguinte rogo:

Reclamarlle ao alcalde de Teo que teñan en conta esta demanda e que dispoña os recursos necesarios para construír un parque infantil en Cabovila”.

2.- O sr. Fernández refírese ao rogo de 29 de maio de 2018 (rex. entrada nº 4048), sobre á demanda dos usuarios e usuarias da zona para cans que ten o Concello na Urbanización Campos de Mirabel (Calo), que se reproduce a continuación:

“O Concello de Teo dispón na Urbanización Campos de Mirabel dunha zona habilitada como parque canino.

Esta semana tivemos coñecemento de dúas demandas dos propietarios/as dos cans que utilizan o parque, unha é a reclamación dunha billa que proporcione auga para os animais, e outra é a petición de que se poña un banco.

Tendo isto en conta, o concelleiro asinante formula o seguinte rogo:

Reclamarlle ao alcalde de Teo que teña en conta estas demandas e que faga o posíbel porque sexan atendidas de maneira que os propietarios e propietarias dos animais teñan acceso a auga e dispoñan dun banco”.

Agradece o sr. Fernández as respostas dadas polo sr. alcalde.

3.- Sinala o sr. Fernández que en Ameneiro, na estrada que vai ata a Pedreira, dende a Rúa Ledín, hai un cruce por onde pasa o Camiño de Santiago e nestes días pasados case se atropela a un peregrino que ía en bicicleta. Di que descoñece que ao final foi a policía local, pero si que houbo unha reclamación para que se cambiara o espello de lugar, porque tal e como está ubicado está disposto para a parte que máis visibilidade hai, polo que habería que xiraló.

Interésase o sr. Fernández polo tema exposto.

O sr. Francos di que onte ou antonte informáronlle do que pasara e da posibilidade de cambiar o espello, engadindo que en canto se poida cambiarase.

O sr. Fernández pregunta se está xustificada a reclamación.

O sr. Francos di que se houbo un problema alí si, que cando se pon un espello normalmente visibilidade hai pero debería de estar ben desbrozado, o que pasa que

tamén é certo que se a herba non está cortada igual hai menos visibilidade, e xa se sabe que nesta época é máis complicado.

4.- Tratándose do panel luminoso de Cacheiras, o sr. Fernández di que durante todo este mes estivo anunciado o acto do LibreTeo que foi en abril, polo que debería actualizarse.

Pregunta o sr. Fernández cal é o criterio que se utiliza para poñer mensaxes nese panel, e se son só actividades municipais ou se as asociacións rexistradas no concello de Teo tamén poden poñer algún anuncio aí.

Pide así mesmo o sr. Fernández que se comprobe que a mensaxe que se quere transmitir saia ben, pois houbo uns días que algunhas palabras non saían completas, por exemplo cando foi a campaña da violencia contra a muller, a palabra violencia non saía completa.

A sra. García explica que o erro desa campaña é porque é unha diapositiva que ten un deseño que está incompleto, polo que non se trata dun erro senón que o deseño é así.

Sendo as vinte horas e trinta e sete minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro de Son de Teo-Anova, que se incorpora á sesión pasados dous minutos.

Explica a sra. García que para poder sacarlle partido a este soporte, potencialmente moi válido pola inmediatez, pero tamén é certo que require unha implementación que ás veces tamén se aprende de *proba-erro*. Por exemplo, a resolución da pantalla permite transmitir mensaxes que teñen que estar deseñados para esa resolución, ser visibles, e tamén se está intentando implementar esa forma de traballo en todos os departamentos. Explica que hai algunhas diapositivas que funcionaban moi ben, como as de libreTeo, porque foron creadas expresamente para a pantalla, e foi unha das campañas que mellor visibilidade tiña, porque era perfectamente lexibles e porque estaba adaptadas a ese formato.

Explica a sra. García que agora mesmo tamén dende varios departamentos, por fin, viron a necesidade de transmitir outro tipo de mensaxes relacionados co concello, entón pediron algún tipo de axuda ou soporte que lles permita crear esas mensaxes adaptadas a ese formato e esa resolución. Por exemplo pedírono dende deportes, secretaría, medioambiente.. O tipo de información que se lanza na pantalla é tanto actividades municipais como mensaxes que sexan de interese xeral, relacionadas principalmente co concello.

Sinala a sra. García que tamén hai actividades nas que o concello colabora, aínda que non organiza, que tamén se poden amosar. En todo caso hai que ter un criterio primeiro de interese xeral e tamén de relación co concello como organizador ou como colaborador. Tamén se poderían incorporar aquelas mensaxes que poidan interesar á poboación como unha alerta, ou por exemplo se se suspenden os permisos de queima porque se prevé que vai a haber temporal. É certo que hai que mellorar un pouco a maneira de optimizar o que sae na pantalla e se está traballando nese tema. Sinala a sra. García que valoran as aportacións ou as críticas construtivas que poidan facer ao respecto polos grupos municipais.

5.- Sinala o sr. Fernández que na estrada que vai a Recesende, en Requián, hai 2 contedores que están amarrados con aramios. Hai queixas de que non están en bo estado e que non se pode limpar na súa contorna. Pregunta o sr. Fernández se houbo algunha queixa sobre este tema, pedindo que en todo caso que se lle bote un ollo.

O sr. alcalde sinala que se mirará.

6.- Pide o sr. Fernández que nos contedores se poña información do punto limpo, pois en moitos lugares aparecen voluminosos xunto os contedores.

Explica o sr. Fernández que xa sabe que non é cuestión de falta de información, posto que se sabe, pero entende que moitas veces é por deixadez das persoas e así, por exemplo, na urbanización de Altán son moitos os voluminosos que se depositan alí, e quizais se houbera información alguén o leva ao punto limpo.

7.- Pregunta o sr. Fernández que vai a pasar coas Escolas infantís o ano que vén.

O sr. Iglesias responde que ía saír o proceso de contratación en marzo, e foi cando saíu a nova lei de contratación entón, falando con secretaría dende un punto de vista técnico, démonos de conta de que todo o procedemento que implica a nova lei de contratación non ía poder estar listo o resultado antes do 31 de agosto. Explica o sr. Iglesias que calquera outro contrato é bastante flexible á hora de cando empeza, no caso das escolas infantís non, neste caso é por curso académico, entón tomouse a decisión, en principio, de non comezar o procedemento, porque non se ía dar chegado ao 31 de agosto, e se están explorando outras posibilidades de manter a concesión un ano máis dun xeito extraordinario.

Salienta o sr. Iglesias que en todo caso aínda non está decidido, de feito está pendente dunha reunión cos técnicos do concello para buscar dende un punto de vista técnico-xurídico cal vai ser a solución a este problema que se atopan, de ser imposible ter resolta a contratación a 31 de agosto.

Di o sr. Fernández di que se trataría dun ano máis de prorroga.

O sr. Iglesias resposta que en principio si, engadindo que en todo caso teñen que falalo.

O sr. Fernández di que a estas alturas.

O sr. Iglesias di que o teñen que falar, que en principio sería un ano máis de prórroga só. E que se non hai unha decisión tomada non pode concretar exactamente que si. Di que el entende que si, pero tampouco o pode asegurar

O sr. Fernández di que a estas alturas é preocupante estar así.

O sr. Iglesias di que para o 31 de agosto non vai a estar o proceso de contratación rematado porque hai unha serie de datas, prazos, informes, no procedemento que non se vai a dar resolto. Entende o sr. Iglesias que en principio se prorrogaría un ano máis, pero non está a decisión tomada.

O sr. Fernández di que cando estea a decisión lle gustaría que se lle comunicara.

O sr. Iglesias sinala que así se fara.

8.- Sinala o sr. Fernández que na estrada de Santo Domingo, outra zona que está limitada para residentes, á marxe de que xa é bastante estreita, hai moitas polas, ramas, vexetacións dos muros que hai alí, polo que entende que algo haberá que dicirle para que limpen aquilo. Sinala o sr. Fernández que isto o comunica para que se teña en conta esa reclamación veciñal.

9.- Sinala o sr. Fernández que na estrada que ven de Cacheiras, da Deputación, no cruce de Solláns, ese cruce tan complicado, había un espello e deberon de darlle un golpe e está revirado.

10.- Sinala o sr. Fernández que, voltando ao tema da Canteira, non da planta de residuos, senón da Canteira, quere preguntar pola estrada vella de Cornide, se quen a cortou foi a Canteira, pregunta de quen é propiedade.

O sr. alcalde di que esa estrada ten unha historia complexa. Explica que fundamentalmente cando se fai a variante da estrada da Deputación por baixo o terreo por onde se fixo a variante era propiedade dos donos da canteira, entón produciuse unha permuta entre a Deputación e os propietarios da canteira. Hai un documento asinado pola Deputación conforme se produce esa permuta, porén hai un feito distorsionador que é que cando se produce o acordo definitivo de concentración de monte de Calo, que é posterior a esa permuta, nos planos de concentración aparece como un camiño público, polo que, e así se falou nunha das veces que se falou co propietario, enténdese, dende o concello, que é un camiño público.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e oito minutos, sae do Salón de Plenos o concelleiro de Son de Teo-Anova, sr. Iglesias, que se incorpora pasados dous minutos.

O sr. Iglesias di que isto é referido ao tramo que atravesa a canteira, porque o tramo anterior é da Deputación, que é a que fai o mantemento. Polo que ata a entrada da canteira é da Deputación.

O sr. Fernández di que entón, se entende ben, onde pon "*prohibida a entrada*" é pista municipal.

O alcalde di que ese é o que se considera que é municipal, aínda que pode estar suxeito a controversia por ese acordo con Deputación, aínda que existe un acordo posterior.

O sr. alcalde aclara que o camiño que nace no alto de Cornide e que vai a enlazar, unha vez acabada a canteira, co ramal que vai á Casalonga, todo ese tramo aparece no plano de concentración de Calo do monte, entón entenden que é municipal.

O sr. Fernández di que entón isto no tema da planta de residuos terá que aclararse.

O sr. alcalde aclara que o propietario actual non cuestiona que o camiño sexa público, xa que el ten interese total en que sexa público.

11.- O sr. Fernández sinala que, en relación coa gasoliñeira á beira do CEIP da Ramallosa, sabe que se retomou a actividade e hai preocupación das nais e pais do alumnado. Pregunta o sr. Fernández que se está facendo.

A sra. Lemus di que están executando a licenza que hai en vigor, que é a licenza de Centro de Servicios-supermercado, xa que segue sen ter licenza de gasoliñeira. Explica que a última das novas que ten por parte do avogado da empresa é que vai a levar ao concello ao Xulgado pola inadmisión do expediente no concello, porque os

técnicos consideraban que non era competente na súa tramitación porén tampouco saben nada máis. Reitera a sra. Lemus que de momento o único que están é facendo a obra de actividade e servizos.

O sr. Fernández di que el lle pediría á concelleira de educación que, sabendo estas cousas, ó mellor e ter contacto coas nais que falaron en nome daquel colectivo e habería que informalas de como está a situación para que a preocupación non vaia a máis.

A sra. Fagil resposta que, haberá como 5 días, que estivo con elas e explicoulles iso mesmo que explicou a sra. Lemus, o que están facendo, para que teñen licenza (cafetería, parque e un supermercado). Sinala que, tratándose do supermercado, empezaron cunha licenza de 1000 metros e cambiaron a licenza por 800, e que o concello non pode autorizala porque se declarou non competente, engadindo a sra. Fagil que incluso lles comentou o de que os ameazaron para levalos a xuízo. Salienta que efectivamente a AMPA está informada.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez refírese ao recheo que se fixo nas inmediacións do cemiterio municipal. Pregunta con qué obxectivo se fixo, se estaba previsto facelo, se é certo iso de que aquel terreo era de especial protección e quen foi o responsable de encomendar esa acción.

O sr. Francos di que non é un recheo en si mesmo, senón que é un pouco acondicionar o terreo para poder mecanizar para poder desbrozalo, porque estaba feito un bosque, e o que se fixo foi desbrozalo, contratándose unha empresa especializada neste tipo de desbroces que ten unha mecánica máis potente ca municipal, e logo fóronse tapar

regos e buratos fondos nesa finca, para despois en posteriores veces poder pasarlle o tractor municipal coas cadeas. Explica que se trata dun terreo no que unha parte é forestal e outra parte forma parte do terreo do cemiterio, e aínda así non era obrigatorio sacar o permiso porque na Xunta permiten ata 2 metros de altura ou 3 de terra para mellora do terreo, e aínda así pediuse permiso e concedeuse sen problema ningún, polo que o tema non ten maior transcendencia.

2.- O sr. Guerra sinala que lle dicía hoxe un veciño, en relación coas pistas de Nespereira, a ver cando se lle botaba a man, ou as de Santa Marta, ou as outras todas. Salienta o sr. Guerra que a de Nespereira e a de Santa Marta están destrozadas.

3.- O sr. Guerra dille ao sr. Francos que lle comentou un veciño que foron limpar xunto da S.R. de Calo un arroleiro e seica quedou a metade, polo que se debería tomar nota.

O sr. Francos di que están comezando os desbroces de Calo. Entende que ao mellor rematou a empresa ou ao mellor acabou o tractor ata onde daba e agora ven a xente detrás desbrozando á man.

O sr. Guerra dille que é o arroleiro que está xunto a casa de Fina de Albino.

O sr. Francos di que mirará a ver como está o tema.

4.- O sr. Retís di que quere expoñer unha queixa dos usuarios e profesionais do centro de saúde de Cacheiras. Sinala que están cansos de preguntar ao concello e falar sobre as deficiencias do Centro. Déronlle unha lista que se refire a paragüeiros, mesa para cambiar aos bebés, cortinas, persianas, que están rotas, destruídas totalmente, darlle menos altura ao mostrador no que collen as citas previas, que é moi alto, existindo ademais unha invasión de termitas. Remata o sr. Retis salientando que no centro xa levan meses con isto, anunciándoo e falando con xente pero que non reciben ningunha resposta por parte do concello.

O sr. alcalde responde e di que vai a ir por partes. Explica que o da termitas fumigouse, e como teñen atención mañá e tarde, e o sábado á mañá, aproveitouse a ponte das Letras Galegas para facer a desparasitación esa. Espera o sr. alcalde que teña efecto porque as posibilidades son esas, parece ser que as termitas están situadas nos marcos interiores das portas, co cal se lle pode facer un tratamento especializado pero se hai que ir a substitución a todo iso xa será tamén cuestión da Consellería.

Tratándose das demais cousa pide o sr. alcalde que se deixe a petición e non haberá ningún problema de intentar ir subsanando o que sexa necesario.

O sr, Retis di que levan tema con este tema.

O sr. alcalde di que en todo caso cando sexa así o Centro debería facer un escrito e entregalo por rexistro, porque igual o falan abaixo e falan con non se sabe quen, polo que é un problema de centralizar a información.

5.- A sra. Nariño pregunta se se pode facer limpeza da cuneta en Penalas, engadindo que xa os trasladaron veciños ao sr. Francos porque a auga estáncase, hai un montón de mosquitos e ao final hai cheiro. Aclara que a cuneta antes non tiña ningún problema, ata que se lle botou terra.

O sr. Francos di que non se lle botou terra, limpouse, raspouse e pasou por riba, o que pasa é que a auga estancábase antes, e intentouse solucionar.

A sra. Nariño di que non é certo, que a auga alí non se estancaba, engadindo que ela vive alí e pasa por alí todos os días.

O sr. Francos di que a ver se nos próximos días se pode abrir.

A sra. Nariño dille ao sr. Francos que non se sinta atacado.

O sr. Francos di que se sinte atacado porque se lle está dicindo que rechearon a cuneta, e en ningún momento se fixo.

A sra. Nariño di que viu terra.

O sr. Francos responde que iso é porque sacaron a herba de arriba e entón o que se fixo foi raspar e o que pasou é que tiñan que ter afondado máis pero aquel día non lles deu tempo, porque andaban a mil, e tentaron solucionar iso rápido pero loxicamente aínda non se solucionou.

A sra. Nariño di que nunca se estancou a auga na estrada, engadindo que non vai a discutir porque lle parece unha tontería, e non ten maior dificultade. Simplemente quería pedir que se limpara.

O sr. alcalde di que, rematado o turno de rogos e preguntas, da paso á intervención de Jesús Sordo García, que presentou instancia o 22 de maio de 2018, sobre o tema da seguridade nos Tilos.

O sr. Sordo explica que vén en representación dunha comisión que hai nos Tilos, na zona dos chalés concretamente, e como os roubos non paran, pois claro, hai moita inquietude, polo tanto quere saber se hai xa unha comisión que pediron nos Tilos polos catro partidos políticos, se xa está efectivo iso. Explica que outro punto é a luz, engadindo que falou con Uxía e lle dixo nunha conversa que tiveron que en abril e maio, pero maio vai alá.

O sr. Sordo di que tamén quere ter resposta o tema das cámaras de tráfico. E despois, xa que se falou de seguridade vial, tamén queren sinalizacións para as vallas que hai e tamén na costaña hai uns contedores alí que están soltos a "la mano de Dios", polo que se poderían atornillar un pouco eses contedores, sobre todo naquela costa onde hai un bus, e unha curva. Sinala o sr. Sordo que eses son os puntos que traen hoxe ao Pleno, engadindo que as compañeiras que marcharon van facer unhas propostas máis por escrito porque isto alargouse moito, ao debaterse moitas veces os mesmos problemas.

O sr. alcalde agradécelle a intervención. Con respecto á existencia dos roubos sinala que aínda esta mañá pasou por aquí o Comandante do Corpo da Garda Civil a dicir que por sorte o último que houbo non foi en Teo, que foi no lado de Ames, fixeron unha intervención pola noite crendo que non había ninguén, pero si que había alguén, co cal aínda preocupa máis a circunstancia.

Explica o sr. alcalde que con respecto á comisión que houbo o outro día, tiveron unha reunión de portavoces na que se constituíu a comisión. Quedouse de traer a Pleno un cambio formal, dado que consideraron que era importante que os propios portavoces a propia comisión de os portavoces se constituíuse e tratase os temas específicos de seguridade, pero iso require darlle unha reformulación. Ademais preferiríamos que a Secretaria tivese opinión nesa formalización e de vir a este Pleno era moi precipitado pero vai vir ao próximo, pero digamos que a comisión que aos efectos se pediu está constituída formalmente e a propia xunta de portavoces se fai cargo do tema, ademais con gusto.

Explica o sr. alcalde que, tratándose do tema da luz é certo que se retrasou un pouquiño o proceso, pero como vai empezar total polos Tilos, consideran que nos próximos 15 días ten que haber algunha intervención. De calquera xeito neste mes que ven si que tería que quedar completa xa a renovación en todos os aspectos.

Salienta o sr. alcalde que o das cámaras de tráfico está solicitado, engadindo que así como a resposta da subdelegación foi inmediata a de Tráfico foi máis tardía. Tamén é certo que requiriu, dadas as características especiais, unha labor de redacción especial e supón que a labor de contestación pois tamén levará o seu tempo porque non é, digamos, unha cuestión habitual como podía ser a outra. Salienta que se trata dun caso moi específico que dean unha aprobación ou unha autorización que se sae un pouco do corrente. Espera o sr. alcalde que este próximo mes teñan a contestación.

Tratándose da sinalización das bandas e dos contedores, sinala o sr. alcalde que se toma nota e entende que non haberá problema para solucionalo.

O sr. Sordo quere dar as gracias ao sr. Iglesias e ao seu equipo polas estupendas organizacións de festas e excursións que están facendo para os que están xubilados. Di que é un traballo que hai que facer e ademais é un traballo moi difícil.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz